

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 27 DE AGOSTO DE 2018.

Alcalde:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Accidental:

D. SALVADOR GONZÁLEZ RODRÍGUEZ.

Interventor:

D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

1.- APROBACIÓN DA ACTA N° 34 DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA O DÍA 20 08 2018.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. núm. 34/2018 do día 20 de agosto de 2018.

2.- EXPEDIENTE 2234/2018. LICENZA DE SEGREGACIÓN.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN para a segregación e agrupación simultánea de parcelas, no lugar de Sixto, parroquia de Anzo, Lalín (exp. 2234/2018).

3.- EXPEDIENTE 4157/2018. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓN DE FEIRA DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DE LALÍN 2018.

Acordouse iniciar o expediente denominado “BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FEIRA NA ZONA DO REGUEIRIÑO, DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2018”. (BC042018).

4.- EXPEDIENTE 4306/2018. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA O EXERCICIO DA VENDA AMBULANTE NAS FESTAS PATRONAIS DE LALÍN 2018.

Acordouse aprobar as citadas Bases Técnicas e Administrativas e os seus anexos e incorporar os devanditos documentos ao expediente e iniciar os trámites para adxudicar os postos de venda durante as Festas Patronais do ano 2017 conforme ás características recollidas nas Bases Técnicas e Administrativas e no Proxecto de Feira e, a estes efectos, publicar o correspondente anuncio no BOP e no Perfil do Contratante.

5.- EXPEDIENTE 2530/2018. PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE SERVIZO DE LIMPEZA DE CENTROS EDUCATIVOS.

Acordouse prorrogar de mutuo acordo o contrato administrativo denominado **SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE LALÍN. 1 CEIP ZONA RURAL (CSE082017-EE 2530/2018)**, o contrato administrativo denominado **SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE LALÍN. CEIP ZONA URBANA. LOTE 2 (CSE082017-EE2530/2018)** e o contrato administrativo denominado **SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE LALÍN. LOTE 3 ESCOLAS INFANTÍS (CSE082017-EE2530/2018)**. Esta prórroga terá unha duración dun (1) ano, e en consecuencia, extenderase desde o día 1 de setembro 2018 ata o día 30 de agosto de 2019.

6.- EXPEDIENTE 2597/2018. CELEBRACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA A FESTA DAS FAMILIAS - REDESCUBRE MOURISCADE 2018.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe 1.500,00 € IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente 18/ 0/ 338/ 22609/ 01 e Contratar a realización da actividade denominada

“FESTA DAS FAMILIAS – REDESCUBRE MOURISCADE, o sábado 8 de setembro”, por importe de 1.500,00 € (IVE incluído).

7.- EXPEDIENTE 2909/2018. CELEBRACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA A CELEBRACIÓN DA "FESTA DAS MULLERES - CICLO DE MULLERES CREATIVAS".

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe 5.785,12 € , máis 1.214,88 € correspondentes á partida do IVE (7.000,00 € IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente 2018/ 0/ 338/ 22609/ 01 e Contratar a realización da actividade “*FESTA DAS MULLERES-CICLO DE MULLERES CREATIVAS*”, por importe de 7.000,00 € (IVE incluído).

8.- EXPEDIENTE 4269/2018. CELEBRACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA A "REPARACIÓN DE CURTOCIRCUITO NO LOCAL SOCIAL DE DONRAMIRO".

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe 1.186,00 € , máis 249,06 € correspondentes á partida do IVE (1.435,06 € IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente 2018 / 0 /337 /21200 / 01 e Contratar a realización dos traballos denominados “*REPARACIÓN CURTOCIRCUÍTO NO LOCAL SOCIAL DE DONRAMIRO*”, por importe de 1.435,06 € (IVE incluído).

9.- EXPEDIENTE 4273/2018. CELEBRACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA "FABRICACIÓN E COLOCACIÓN DE CUBERTA E QUITA MEDOS PARA O LOCAL SOCIAL DE VILANOVA".

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe 1.320,00 € , máis 277,20 € correspondentes á partida do IVE (1.597,20 € IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente 2018 / 0 /337 /21200 / 01 e Contratar a realización dos traballos denominados “*FABRICACIÓN E COLOCACIÓN DE CUBERTA E QUITA MEDOS PARA O LOCAL SOCIAL DE VILANOVA*”, por importe de 1.597,20 € (IVE incluído).

10.- EXPEDIENTE 4268/2018. CELEBRACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA "INSTALACIÓN DE BARANDILLA NO AGRO LALÍN DE ARRIBA".

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe 1.444,58 € ,

máis 303,36 € correspondentes á partida do IVE (1.747,94 € IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente 2018 / 0 /453 /21000 / 01 e Contratar a realización dos traballos denominados “*INSTALACIÓN DE BARANDILLA NO AGRO LALÍN DE ARRIBA*”, por importe de 1.747,94 € (IVE incluído).

11.- EXPEDIENTE 4274/2018. CELEBRACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA "REPOSICIÓN DE PASAMÁNS NO LOCAL SOCIAL DE SELLO".

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe 1.371,87 €, máis 288,09 € correspondentes á partida do IVE (1.659,96 € IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente 2018 / 0 /337 /21000 / 01 e Contratar coa empresa Manuel García Guerra. EMACO CERRALLERÍA ARTÍSTICA. (DNI 32637963-C), a realización dos traballos denominados “*REPOSICIÓN DE PASAMÁNS PARA O LOCAL SOCIAL DE SELLO*”, por importe de 1.659,96 € (IVE incluído).

12.- EXPEDIENTE 2060/2018. CELEBRACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA "REPARACIÓN DE BALAUSTRADA NA PONTE DO POLÍGONO LALÍN 2000".

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe 2.450,00 €, máis 514,50 € correspondentes á partida do IVE (2.964,50 € IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente 2018 / 0 /453 /21000 / 01 e Contratar coa empresa Construccións Parga Areán, S.L. (CIF B-36476463), a realización dos traballos denominados “*REPARACIÓN DE BALAUSTRADA NA PONTE DO POLÍGONO LALÍN 2000*”, por importe de 2.964,50 € (IVE incluído).

13.- EXPEDIENTE 4087/2018. CELEBRACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA "CONTRATACIÓN DA OBRA "REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS E PAVIMENTO NA RÚA PINTOR COLMEIRO" .

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe 32.110,00 €, máis 6,743,10 € correspondentes á partida do IVE (38.853,10 € IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente 2018 / 0 /1532 /61965 / 01 e Contratar coa empresa CONSTRUCCIONES RAFER, S.L. (CIF B-36052702), a execución das obras denominadas “*REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS E PAVIMENTO NA RÚA PINTOR COLMEIRO*”, por importe de 38.853,10 € (IVE incluído).

14.- EXPEDIENTE 5220/2017. EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN.

Acordouse desestimar a reclamación patrimonial polos danos e perdas que supostamente padeceu esta última con motivo da caída na porta principal de acceso ó Pazo de Liñares, feito ocorrido o día 5-11-2016.

15.- EXPEDIENTE 3351/2018. APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS PARA O ANO 2018.

Acordouse aprobar as BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS PARA O ANO 2018.

16.- EXPEDIENTE 4334/2018. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DE PROGRAMAS PARA A INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN INMIGRANTE 2018-2019.

Acordouse solicitar á Consellería de Política Social unha subvención para o programa dirixido á inclusión social da poboación inmigrante ao abeiro da Orde do 24 de xullo de 2018.

17.- EXPEDIENTE 5885/2017. APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2018 DA SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO DA AULA CEMIT.-

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos correspondentes ao segundo trimestre de 2018 (entre o 01/04/2018 e o 30/06/2018), por importe de 4.535,39 €, que se corresponde co 50% do custo salarial do persoal encargado da Aula CeMIT de Lalín.

18.- EXPEDIENTE 3442/2018. APROBACIÓN DE RESERVA DE PRAZAS E APLICACIÓN DE BONIFICACÍONS NA CUARTA QUENDA DA ESCOLA DE VERÁN E NOS CAMPAMENTOS DEPORTIVOS URBANOS.

Acordouse conceder as prazas reservadas para menores de familias en situación ou risco de exclusión social para a relación dos /as 28 menores de idade que figuran no expediente remitido para a CUARTA QUENDA DA ESCOLA DE VERÁN E CAMPAMENTOS URBANOS.

19.- EXPEDIENTE 4294/2018. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA USO SALÓN DE ACTOS DO AUDITORIO MUNICIPAL PARA A CELEBRACIÓN DA "XORNADA FORMATIVA SOBRE ORGANISMOS DE CORENTENA EN PATACA".

Acordouse conceder autorización o uso do Salón Teatro do Auditorio Municipal para o mércores día 12 de setembro de 2018 en horario de 16:00 a 20:00 horas co motivo de celebrar unha “Xornada informativa sobre organismos de corentena en pataca”.

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4059/2018. INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DENOMINADAS "REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS, REORDENACIÓN DAS ROTONDAS E SINALIZACIÓN INTERIOR DO POLÍGONO INDUSTRIAL LALÍN 2000".

Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS, REORDENACIÓN DAS ROTONDAS E SINALIZACIÓN INTERIOR DO POLÍGONO INDUSTRIAL LALÍN 2000” COAS4059/2018.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son **as 19:50 horas** do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Accidental, dou fe.